



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA
2020-21

FeQ
2ºESO

PROFESORA	Sandra Espiñeira Seijo		
CONTIDOS	<u>1º TRIMESTRE</u> -A materia e a medida -Estados da materia -Diversidade da materia	<u>2º TRIMESTRE</u> -Cambios na materia -Forzas e movementos -As forzas na natureza	<u>3º TRIMESTRE</u> -A enerxía -Temperatura e calor -Luz e sonido
CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas (exames): 65% • Proba de comprensión lectora (análise de texto científico): 5% • Libreta e traballo de laboratorio (rúbrica): 10% • Traballos de investigación (rúbrica): 5% • Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 15% • No caso de que nalgún trimestre non se realice proba de comprensión lectora ou traballo de investigación, esas porcentaxes sumaríanse ao dos exames. E do mesmo xeito, se non se realizara traballo de laboratorio, esa porcentaxe pasaría á observación. • Intentaranse facer 2 exames por avaliación. Nese caso a nota das probas será a media aritmética dos mesmos. • Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba. • Considerarase superada a avaliación sempre e cando a nota mínima acadada pola ponderación dos elementos anteriores sexa igual ou superior a 5. • Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos e cadernos de laboratorio serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso. • Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, na que entrarán todos os contidos traballados na mesma. • A nota final do curso será a media das obtidas nas 3 avaliacións, previo ao redondeo. • Se non se acada o 5-SUF haberá unha proba de recuperación de coñecementos en xuño e unha extraordinaria en setembro. • Na recuperación de Xuño, aquel/a alumno/a que teña dúas o máis avaliacións suspensas, terá que recuperar a totalidade da materia traballada durante o curso. Porén, os/as alumnos/as cunha única avaliación suspensa, poderán recuperar só esa parte. 		
PLAN DE LECTURA	<ul style="list-style-type: none"> • Farase unha proba de comprensión lectora que suporá 0,5 ptos dos 10 totais. • Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas: <ul style="list-style-type: none"> -“los niños en la cocina”-Hervé This. -“¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos”-Javier Fernández Panadero. -“El origen del Universo”-Lucy&Stephen Hawking. 		

	-“La clave secreta del Universo”- Lucy&Stephen Hawking.
TIC	<ul style="list-style-type: none"> • O traballo coas ferramentas TIC será diaria ao estar o centro na plataforma dixital EDIXGAL
ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES	<ul style="list-style-type: none"> • O 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, desenvolverase na aula unha actividade de investigación co propósito de promover no noso alumnado o acceso pleno e equitativo das mulleres e das nenas na Ciencia. • O desenvolvemento de actividades extraescolares estará condicionado polas circunstancias excepcionais que se vaian producindo en relación ao Covid. Sempre que sexa viable e seguro, tentarase organizar 1 saída ao longo do curso relacionada coa Ciencia.